- Historia da antiga Roma: - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual.

Contidos
- A educación na antiga Roma: etapas educativas.

UD	Título da UD	Duración
11	Latín: a subordinada de relativo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	O alumnado é quen de identificar oracións de relativo e o seu antecedente nun texto.	PE	90
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	O alumnado é quen de ver os seus erros e os dos seus compañeiros coa axuda do profesor.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos.	O alumnado pregunta as dúbidas que ten sobre os contidos explicados ou as actividades encomendadas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conjugacións). - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade

Contidos
- de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
12	Mitoloxía grecorromana	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	O alumnado é capaz de profundizar de maneira autónoma en algúns contidos relativos á mitoloxía grecorromana e a súa interpretación.	PE	50
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	O alumnado é quen de ver referentes culturais grecorromanos na cultura contemporánea.		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	O alumnado é capaz de apreciar que moitos elementos da cultura e a arte da súa sociedade están inspiradas polo mundo clásico.	TI	50
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	O alumnado é quen de establecer paralelismos entre o mundo clásico e o legado cultural da súa sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Historia da antiga Roma: - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.

UD	Título da UD	Duración
13	Latín: 4ª e 5ª declinación	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	O alumnado é quen de identificar o caso no que se atopan as palabras da cuarta e quinta declinación dun texto.	PE	90
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	O alumnado é quen de ver os seus erros e os dos seus compañeiros coa axuda do profesor.	TI	10
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos.	O alumnado pregunta as dúbidas que ten sobre os contidos explicados ou as actividades encomendadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
14	A formación do galego e o castelán	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	O alumno coñece as regras básicas da evolución fonética dende o latín ata o galego e o castelán.	PE	100
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que teñan lugar.	O alumno é quen de establecer relacións entre étimos latinos simples e os seus derivados, deducindo o significado de termos das linguas de ensino a partir disto.		
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	O alumno analiza as similitudes fonéticas e morfolóxicas entre paradigmas do latín e outros da súa lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino. - Léxico: - Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica. - Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina. - Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional. - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
15	Latín: a oración de infinitivo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	O alumnado é quen de identificar unha oración de infinitivo cando se atopa presente nun texto.	PE	90
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	O alumnado é quen de ver os seus erros e os dos seus compañeiros coa axuda do profesor.	TI	10
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos.	O alumnado pregunta as dúbidas que ten sobre os contidos explicados ou as actividades encomendadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e

Contidos

- a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como se recolle na Lei Orgánica pola que se Modifica a Lei Orgánica de Educación (LOMLOE) a metodoloxía no ámbito de bacharelato ten que buscar a mellora na capacidade do estudiantado para aprender de xeito autónomo, para traballar en equipo e practicar métodos de investigación. Ao mesmo tempo, destácase a necesidade de potenciar o interés e o hábito de lectura, así coma a capacidade para expresarse en público.

Respecto ás directrices pedagóxicas recollidas na lei, cabe mencionar a necesidade explícita de adaptar as lección e os contidos á situación individual do alumnado, especialmente de aquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo, para o cal resulta imprescindíbel a capacidade de xerar alternativas organizativas e metodolóxicas adaptadas ao contexto da aula.

Tendo en conta as directrices que marca a lexislación educativa, procederemos a establecer nos apartados que siguen as diversas concrecións destes aspectos no ámbito da nosa materia.

Como consecuencia do mencionado no anterior, buscaremos introducir elementos que fomenten a participación activa do alumnado nas diversas sesións da nosa materia. Ao mesmo tempo, tentaremos levar a cabo unha ensinanza que sexa capaz de interesar e involucrar ao alumnado, sempre atendendo a aquelas estratexias que se teñen demostrado eficaces para a educación a través de estudos como Pisa ou TALIS. Buscamos fomentar con isto unha educación baseada na evidencia científica, poñendo en marcha as innovacións que se teñen demostrado eficaces, pero sen obviar aqueles elementos propios da ensinanza tradicional que posúen un bo potencial educativo.

Consideramos que os contidos dos bloques de Legado e patrimonio e A antiga Roma, son especialmente favorecedores para o desenvolvemento do espírito crítico por parte do alumnado. Neste sentido, buscaremos fomentar nas clases dedicadas a estos saberes un clima de debate e contraste de opinións por vía oral, ao tempo que se levarán a cabo actividades como comentarios de texto e valoración crítica destes que busquen extraer información implícita e explícita nos mesmos, ao tempo que permita ao alumnado concienciarse da necesidade de someter a valoración crítica as informacións que se lles presentan, analizando a súa veracidade, parcialidade etc. Todo isto busca fomentar a activación cognitiva a través de actividades que implican o pensamento crítico e a necesidade de buscar respostas que non son obvias fronte á simple memorización de contidos, un aspecto que se menciona como fundamental para a mellora da educación no informe TALIS.

Así mesmo, no marco dos dous bloques antes mencionados, co fin de favorecer a construción do seu propio coñecemento por parte do estudiantado, buscarase que unha parte substancial dos contidos referidos ao legado de Roma ou á historia da súa civilización se poidan traballar por medio de traballos a realizar por parte dos rapaces e

que deberán expoñer diante dos seus compañeiros, favorecendo, pois, colateralmente, a súa capacidade de expresión oral diante dun auditorio.

No que respecta aos saberes do bloque denominado Comprensión e interpretación de textos, consideramos que debe ser explicado dunha maneira máis teórica por parte do docente (dada a complexidade e abstracción que presentan a sintaxe e a morfoloxía omnipresentes nel). Buscarase a comparación constante entre a gramática do latín e a das linguas faladas polo estudiantado, de xeito que os novos contidos entronquen co coñecemento previo dos alumnos e coa súa realidade cercana. Estaremos con isto, tamén, adentrándonos nalgúns coñecementos propios do bloque de Latín e plurilingüismo. Ao mesmo tempo, pretenderase en todo momento que este tipo de saberes máis teóricos e memorísticos sexan impartidos en pequenas doses, para facilitar a súa comprensión e evitar a desconexión do alumnado coas explicacións. Neste sentido buscaremos sistematizar os novos contidos que se lle imparten aos alumnados en forma de esquemas, que faciliten a percepción dos coñecementos clave e que poden favorecer a aprendizaxe por parte daqueles alumnos que posúan unha memoria con tendencia ao visual. Como punto final no referido á comprensión e interpretación de textos, consideramos que a práctica constante da análise e tradución de textos é imprescindible para a fixación destes contidos, polo que plantexaremos neste sentido numerosas actividades prácticas co fin de que os alumnos automaticen determinadas habilidades que se requiren para adquirir con éxito estos saberes.

Finalmente, no que respecta ás unidades enmarcadas no bloque de Latín e plurilingüismo, levaremos a cabo unha metodoloxía a cabalo entre os métodos interactivos, lóxicos e de indagación que mencionamos para os dous primeiros bloques, e as actividades prácticas para fixar coñecementos que mencionamos no de Comprensión e interpretación de textos. En consecuencia, proporase que o alumnado inquirira por dedución e investigación por medio de dicionarios os derivados en español de determinadas palabras latinas, mentres que os aspectos adicados á evolución fonética dende o latín ao español traballaranse por medio de actividades que requiran da práctica sistemática dos coñecementos teóricos a este respecto.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais creados polo profesorado
Antoloxía de textos para ler
Contidos audiovisuais
Recursos en liña

A maioría dos materiais serán de elaboración por parte do profesorado, non sendo preciso mercar ningún deles.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezar o curso o profesorado da materia propondrá ao estudantado a realización dun exercicio coa finalidade de coñecer cal é o nivel que se acadou ao longo da asignatura de Latín de 4º de ESO.

É sabido que en primeiro de bacharelato moitos dos alumnos que escollen a materia non viron ningún contido relacionado coa lingua de Roma no curso anterior por motivos variados: por chegar ao instituto dende outras institucións educativas de carácter concertado que non imparten ensinanzas máis aló da ESO, por un cambio de enfoque no referido aos estudos, debido ao consello do servizo de orientación do centro etc.

En consecuencia, unha boa avaliación inicial comeza por preguntar oralmente aos alumnos cantos deles estudaran previamente latín. Unha vez coñecido este dato poderase adecuar o nivel da ensinanza a situación da clase. Se unha inmensa maioría ten bases desta lingua, o profesor poderá avanzar dun xeito máis rápido nos conceptos fundamentais como os casos ou as dúas primeiras declinacións. Pola contra, no caso de que maioría do alumnado non teña ningún coñecemento da nosa materia, deberemos prestar unha maior atención aos conceptos fundamentais sobre os que se baseará o resto da aprendizaxe.

Dado que a asignatura de Latín require dun bo coñecemento da sintaxe, a todos os alumnos, independentemente do condicionante expresado nos parágrafos anteriores, faráselles unha proba para comprobar a súa destreza neste eido. No caso de detectarse carencias importantes de coñecementos sintácticos, o profesorado dedicará algún tempo nas primeiras clases a aclarar conceptos básicos que resultarán importantes para o correcto entendemento da materia

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	4	10	6	10	6	4	6
Proba escrita	100	90	80	90	90	60	90
Táboa de indicadores	0	10	20	10	10	40	10

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	6	4	4	8	6	6	10
Proba escrita	90	100	25	90	50	90	100

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
Peso UD/ Tipo Ins.	6	4	4	8	6	6	10
Táboa de indicadores	10	0	75	10	50	10	0

Unidade didáctica	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	90	85
Táboa de indicadores	10	15

Criterios de cualificación:

A avaliación aplicábel na materia de Latín I será continua, dado o carácter progresivo e acumulativo dos coñecementos en calqueira lingua. Deste modo, o traballo e progreso do alumnado será avaliado de maneira continuada ao longo de todos os trimestres. Buscarase tamén que sexa de carácter formativo, facendo ao alumnado consciente do seu progreso e intentando que este sexa capaz de analizar aquelas estratexias que lle funcionan e aquelas que non o fan para lograr os resultados desexados, así como aqueles elementos que precisan dun maior énfase pola dificultade que presentan ou que, pola contra, entende mellor. Finalmente, buscarase que a avaliación sexa integradora, favorecendo a interrelación entre a nosa materia e as restantes materias do curso, de xeito que a aprendizaxe final do alumno sexa o máis integral e interdisciplinaria e polo tanto, no posible, que os resultados académicos sexan o máis coherentes e cohesionados posibles entre as distintas disciplinas.

Para conseguir todo isto, buscaremos conxugar a avaliación por parte do docente co intento por incentivar a autoavaliación do seu progreso por parte do alumnado, para o que poderemos recurrir ao recheo de rúbricas nas que o propio estudante valore o grado de adquisición dos contidos da materia ao longo dos diferentes trimestres.

No ámbito dos procedementos de avaliación, avaliaranse os coñecementos referidos á gramática e a traducción do latín por medio de probas escritas nas que o alumnado amose os coñecementos adquiridos nestes eidos. Pola contra, os bloques de índole máis teórica (historia, cultura romanas...) avaliaranse preferiblemente por medio de traballos que impliquen a investigación e a exposición oral das conclusións extraídas, favorecendo as destrezas comunicativas do alumnado.

Para a valoración obxectiva de todo o anteriormente mencionado, o profesorado confeccionará unha serie de rúbricas que permitan avaliar elementos que poden presentar un carácter máis subxectivo, como as intervencións orais do alumnado ou os traballos de investigación e reflexión. Ademais disto, a observación do traballo do alumnado dentro e fora da aula será outro dos instrumentos que nos permitan valorar a

súa evolución, para o cal poderase tamén recurrir ás tarefas encomendadas para realizar na clase ou na casa. Para iso será fundamental o emprego dun caderno de aula.

Deste modo, en cada trimestre a nota resultante será a suma das seguintes porcentaxes segundo o mecanismo empregado para avaliar:

- 2 probas escritas sobre tradución e gramática: 65% (avaliadas en escalas de 1 a 10).
- Traballo na aula e exercicios propostos para a súa realización nesta sobre calquera dos bloques de contido: 15% (avaliados por medio de táboas de indicadores de cuxos resultados se obterá unha nota en escala de 0 a 10).
- Traballos de investigación ou comentarios de texto referidos aos bloques de cultura ou historia (segundo o trimestre): 20% (avaliados en escalas de 1 a 10 segundo os resultados obtidos por medio rúbricas prefixadas para determinado tipo de probas escritas (traballos e comentarios). Nestas rúbricas valoraranse nun 70% os contidos e nun 30% outros aspectos formais como a gramática ou a presentación.

Finalmente cabe dicir que a nota final da materia será resultado de ponderar cada un dos trimestres nun 25-25-50% respectivamente, sendo o último trimestre o que maior porcentaxe de nota implica debido ao feito de que, para superalo, os estudantes deben coñecer os aspectos lingüísticos e gramaticais dos periodos lectivos anteriores.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno non superase algún dos criterios mencionados nos cadros anteriores, o profesorado da materia poderá propoñer a realización de actividades complementarias para reforzar os contidos que se consideran non adquiridos.

Ao mesmo tempo e dado o carácter acumulativo dos contidos da competencia específica 1, referidos á lingua latina, no caso de que esta sexa aprobada no último trimestre darase por suposto a adquisición dos contidos propios dos periodos lectivos precedentes, sendo innecesaria a realización dunha proba para recuperar estos.

No caso de non superar as aprendizaxes na avaliación ordinaria o profesorado propondrá a realización dunha serie de actividades de reforzo na casa que, xunto cunha proba escrita de carácter eminentemente práctico suporán o modo de recuperación na avaliación extraordinaria. Estes mecanismos de recuperación aplicaranse a partires da avaliación ordinaria e con carácter previo á sesión de avaliación extraordinaria. As actividades contarán un 40% mentres que a proba escrita suporá o restante 60% da avaliación extraordinaria.

Este mesmo proceso será o que se leve a cabo co alumnado que teña a materia

pendente de cursos anteriores: proporcionaráselle unha serie de actividades e algún pequeno traballo teórico (para a CE3) ao longo do curso que, xunto coa superación dunha proba práctica, suporán a recuperación da materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para a recuperación das materias pendentes, o profesorado proporá aos alumnos a realización dunha serie de exercicios e/ou traballos de reforzo de diversa índole referidos aos bloques 2, 3 e 4, a ser complementados cunha proba escrita sobre os contidos do bloque 1. A proba escrita reañizarase nunha data consensuada co alumnado a comezos do segundo trimestre, e terá un peso do 60% para a recuperación da materia. A restante porcentaxe da nota para a recuperación (40%) será froito da correcta realización das actividades de reforzo.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

Para o presente curso será de especial observancia o protocolo de TDAH debido ás características do alumnado.

Para este tipo de estudante proporanse unha serie de medidas, consultadas e coordinadas co Departamento de Orientación, que inclúen: a súa localización na aula preto do docente e situado nun lugar onde as posibles distraccións resulten minimizadas. Así, estando nas primeiras filas de pupitres evitárase que elementos como o resto dos compañeiros poidan resultar nunha distracción. Por outra banda e dado que este tipo de alumnado adoita precisar de máis tempo para realizar correctamente as tarefas encomendadas, neste eido procuraremos flexibilizar datas de entrega e permitir que

os exames destes estudantes se alonguen ou se segmenten en partes máis pequenas.

Ademáis, vertebraremos calquer outra posíbel medida sobre os pilares da identificación das dificultades que presente o alumno, a determinación dos contidos a reforzar e a metodoloxía máis axeitada para iso e a constante comprobación de si as medidas aplicadas amosan beneficios para o alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita			X			X		
ET.2 - Competencia dixital						X		
ET.3 - Comunicación audiovisual						X		
ET.4 - Emprendemento social e empresarial						X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero								
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita	X	X		X		X	
ET.2 - Competencia dixital		X					
ET.3 - Comunicación audiovisual		X		X			
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				X			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero		X		X			
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a representacións teatrais	Visualización de dúas obras teatrais clásicas en Lugo		X	
Visita aos restos romanos da cidade de Lugo	Saída cultural aos lugares máis emblemáticos da capital provincial		X	

Observacións:

A estas actividades poderían engadirse, de ser o caso, algunha outra pequena saída do centro en colaboración con outros departamentos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Consecución dos obxectivos
Cumplimento da temporalización
Criterios de avaliación claros para o alumnado
Variedade de actividades
Emprego de estratexias que favoreceron a aprendizaxe
Bo clima derivado da localización os estudantes
Capacidade do alumnado con NEAE para seguir as clases
Clima de respecto cara as diferenzas persoais
O ambiente de traballo foi respectuoso e correcto
A comunicación entre os diferentes axentes educativos foi correcta
Grao de satisfacción do alumnado co profesor

Descrición:

Compre que o profesor realice de maneira continuada e constante a avaliación da súa propia práctica docente, reseñando aqueles aspectos que deben ser mellorados e potenciando os que se consideren que están a dar froito. En consecuencia, por medio da observancia do interese amosado polo alumnado, os seus resultados académicos, o clima de convivencia na aula etc. o profesorado poderá chegar ao coñecemento sobre a súa propia práctica. Resulta, en definitiva, imprescindible, a observación como medio de recabar información, ao tempo que, chegado o caso, pode ser o propio alumnado quen axude neste proceso, por medio de enquisas sobre a satisfacción con diferentes aspectos do proceso de ensino.

Así mesmo, as reunións de departamento son fundamentais neste proceso. Por medio da información recabada polos docentes e a reflexión en conxunto, procederase á revisión daqueles elementos do proceso de ensino-aprendizaxe que non están a funcionar tan ben como sería desexábel, poidendo dar lugar a propostas de mellora, tanto da programación didáctica como da actividade do docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

1. Resultados académicos do grupo.
2. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
3. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se reflectirán na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados